Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Ademais, debería recollerse tamén a definición de "embarcacións de recreo en base". En relación con este concepto, a Lei 6/2003, no seu anexo 3, prevé que:

"*Enténdese por embarcación con base no porto, aos únicos efectos da aplicación desta tarifa, aquela que teña autorizada a prestación do servizo de atraque ou anclaxe por un período de un ou máis semestres. O resto das embarcacións serán consideradas como de paso no porto.*"

Por outra parte, en relación co apartado 2 deste artigo, no que se alude expresamente á futura normativa de natureza regulamentaria na que se establecerán os umbrais mínimos en canto aos elementos, condicións, servizos e demais características coas que deberán contar os portos e instalacións marítimas, debemos subliñar que non nos parece axeitada a ubicación desta norma, que polo demais podería manterse nos mesmos termos nos que está redactada no anteproxecto. En efecto, entendemos que sería máis axeitado introducir esta norma como apartado 5 do artigo 3, e non incluílo nun precepto que por referirse ás definicións non parece oportuno que inclúa aspectos que non se definen nese precepto, e cuxa determinación se deixa a unha futura norma regulamentaria.

Artigo 5. Clasificación

Contémplase a posibilidade de actividades comerciais, que entendemos que é posible de conformidade coa doutrina constitucional exposta no apartado do informe no que se analiza o marco competencial, no que se conclúe que é tamén claro que o Estado non pode ampliar de forma artificial a zona de servizo do porto con intención de incluír nesta portos pesqueiros ou deportivos que, doutra forma, serían de titularidade autonómica; de facelo así sempre caberá o correspondente recurso xurisdicional (STC 40/1998, Fundamento Xurídico 12).

Por esta sentenza tense producido unha modificación nesta materia como consecuencia da incorporación dunha nova Disposición adicional décimo sétima á Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, na modificación efectuada a esta pola Lei 62/1997 (art.º único, apartado 34), como xa analizamos.

Artigo 6. Principios xerais de xestión e actuación

En relación co primeiro parágrafo do apartado 1 deste artigo, entendemos que a referencia que se fai ao desenvolvemento sostible, como un dos principios reitores das actividades reguladas na

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

lei, é omnicomprensiva dun amplo abano de valores de interese xeral (non só medioambientais) que se deben de compatibilizar coas actividades xeradas arredor dun porto ou instalación similar. Sen embargo, propoñemos que se faga expresa referencia a estes valores alleos en principio ás actividades económicas ligadas aos portos, pero que teñen unha enorme relevancia intrínseca, mesmo con evidentes implicacións económicas no ámbito, por exemplo, do sector do turismo.

Dende esta perspectiva, recomendamos que se inclúa unha referencia expresa a estes valores de interese xeral, incluíndo o seguinte inciso final neste parágrafo: *"... equilibrio económico financeiro e desenvolvemento sostible, en orde á preservación do litoral galego en consonancia cos seus valores naturais, culturais, patrimoniais, paisaxísticos e medioambientais."*

Cuarta.- Observacións ao título TÍTULO I "Da organización portuaria de Galicia (artigos 7 a 31).

Artigo 7. Natureza e personalidade

Con carácter xeral, e antes de entrar no exame do artigo 7 do anteproxecto que encabeza o Capítulo I (Entidade pública empresarial Portos de Galicia) do Título I (Da organización portuaria de Galicia), cómpre facer unha observación sobre a análise que faremos dos artigos 7 a 31 referidos todos eles á E.P.E. Portos de Galicia.

En primeiro lugar, debe subliñarse que a entidade pública empresarial Portos de Galicia creouse coa Lei 5/1994, de 29 de novembro, de xeito que a nova regulación aportada no anteproxecto de lei examinado mantén aspectos xa normativizados na lei anterior e outros novos, atendendo fundamentalmente ás implicacións que na regulación deste ente público veñen dadas pola existencia da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Neste sentido, o presente informe realizarase en particular desde a perspectiva da acomodación da regulación do anteproxecto á LOFAXGA.

O artigo 7 non engade nada novo ao contido da Lei 5/1994, agás o apartado 3 que engade a referencia á tesourería propia da E.P.E. Portos de Galicia, de conformidade co previsto no apartado 2 do artigo 57 da LOFAXGA, dentro das disposicións xerais das entidades públicas

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

instrumentais do sector público autonómico. Por outra parte, engade outro aspecto como é o modo de identificación alternativo da entidade estudada, como E.P.E. Portos de Galicia.

Artigo 8. Obxecto

Este artigo non engade nada novo ao contido da Lei 5/1994, aínda que debe subliñarse que suprime o inciso final do apartado 3, referido ao ámbito territorial de cada porto. O inciso suprimido indicaba expresamente que *"as augas de cada porto serán as adscritas pola Administración do Estado."*

En todo caso, a contido deste artigo axústase ás previsións da LOFAXGA.

Artigo 9. Funcións

Este artigo tampouco engade nada novo ao contido da Lei 5/1994, pero entendemos que debe introducirse algún aspecto novo para o axeitado encadre desta nova regulación na LOFAXGA. A este respecto, no artigo 91 desta fundamental lei autonómica establécese expresamente que: *"A actividade das entidades públicas empresariais desenvólvese de acordo co plan anual de actuación de cada unha delas, que é aprobado por orde da consellaría de adscrición, dentro do marco do programa plurianual desta última, logo do informe favorable da consellaría competente en materia de facenda, consonte o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia."*

En consecuencia, entendemos que no apartado 3 deste artigo débese engadir o seguinte inciso ou similar: *" ... coa iniciativa pública ou privada, no marco do plan anual de actuacións, cantas operación comerciais e industriais"*.

Artigo 10. Réxime xurídico

Neste artigo en relación co contido da Lei 5/1994 aprécianse varias novidades.

Suprímese a referencia a que a lei que regula a entidade (o propio anteproxecto comentado) constitúe o su propio estatuto, como ocorría coa lei anterior 5/1994. Tamén se suprime a alusión a que supletoriamente, en materia de portos, é de aplicación a lexislación estatal vixente.

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Engádese, por outra parte, que a súa organización e o seu réxime xurídico interno regúlanse polo dereito administrativo, e a salvidade de que en todo caso queda fóra da aplicación do dereito privado o exercicio das potestades administrativas que teña atribuídas.

Á vista destas novidades, cómpre subliñar que os aspectos que se engaden derivan literalmente do artigo 89 da da LOFAXGA. En canto ás supresións, entendemos que debería clarificarse o aspecto referido aos estatutos da entidade, en tanto que o artigo 54. 3 da LOFAXGA indica expresamente que: " *Tras a lei que autorice a creación dunha entidade instrumental, procederase á súa creación e á aprobación dos seus estatutos por decreto do Consello da Xunta,...*", e no apartado 6 deste mesmo precepto establécese un contido mínimo dos estatutos. Consideramos que aínda que a LOFAXGA se refire á entidades de nova creación, o certo é que o derrogarse a lei 5/1994 xa non pode configurarse ao mesmo tempo como o estatuto da entidade (ademais non sería compatible coa LOFAXGA), polo que ou ben se introduce unha referencia como a anterior ("a presente lei, que constitúe o seu estatuto"), ou ben se fai unha referencia expresa á previsión de futuro que se teña respecto dos estatutos, pois así debera ser polas esixencias da LOFAXGA, que é o que recomenda como opción por esta asesoría.
En canto a supresión do carácter supletorio da lexislación do Estado, é a lóxica consecuencia de que agora sí vai a aprobarse unha lei autonómica substantiva sobre portos, con independencia de que para colmar as lagoas legais que puideran xurdir exista unha supletoriedade da lexislación estatal como principio xeral.

Artigo 11. Órganos da entidade

Neste artigo engádese o apartado 2 en relación co contido da Lei 5/1994. Este novo apartado inclúe unha referencia á presenza equilibrada de mulleres e homes no conxunto dos órganos de goberno de Portos de Galicia.

Respecto dos órganos de goberno, trátase de simples cambios nominativos que se adaptan á LOFAXGA.

Neste punto, convén incidir en que no DOG do 15 de febreiro de 2016 publicouse a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que se debe valorar polo órgano promotor do anteproxecto facer referencia ás obrigas que a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, introduce nos mecanismos de bo goberno e control da actividade das persoas que ocupan altos cargos no

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

sector público autonómico (como sucede nos supostos dos órganos da entidade E.P.E. Portos de Galicia).

Polo que esta asesoría xurídica, recomenda (non sendo preceptivo) introducir un artigo nesta capitulo relativo á Transparencia e bo goberno da entidade E.P.E. Portos de Galicia.

Artigo 12. Presidencia da entidade

Neste artigo o anteproxecto engade dous apartados no abano das funcións que se lle recoñecían á Presidencia do ente na lei anterior: Outorgar as concesións de ocupación de dominio público portuario e as autorizacións de ocupación de dominio público portuario cando o seu prazo de vixencia sexa superior a dous anos; e outorgar as autorizacións para a prestación de servizos e realizacións de actividades comerciais, industriais ou doutra natureza nos portos.

Por outra parte, trasládanse ao Consello Reitor dúas función que antes se atribuían á Presidencia: Acordar con suxeición ás disposicións da normativa orzamentaria, as operación crediticias a medio e longo prazo que sexan necesarias, logo do informe da consellería competente en materia de Facenda para as operacións a medio prazo e de autorización previa da dita consellería para as operacións a longo prazo; e acordar con suxeición ás disposicións da normativa orzamentaria operación crediticias necesarias para paliar os desequilibrios transitorios de tesourería.

Artigo 13. O Consello Reitor

En relación co apartado 3, sobre as competencias do Consello Reitor para o exercicio das súas funcións, debe destacarse que algúns subapartados, como é o caso dos contidos nas letras e), f), h), i), j), k), n), o), e p), viñan xa recollidos na Lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do Ente Público Portos de Galicia. Por outra parte, os subapartados contidos nas letras a), b), c) e d) derívanse da aplicación do artigo 64.4 da LOFAXGA, e o subapartado da letra g) deriva tamén da aplicación da LOFAXGA, concretamente do seu artigo 58. Por outra parte, os subapartados referidos nas letras l) e m) constitúen competencias que antes se atribuían ao Presidente da entidade (artigo 6 da Lei 5/1994) e introducíronse no seu texto pequenas modificacións para axustalos á vixente normativa en materia orzamentaria.

Finalmente, inclúese un último subapartado coa letra q), que non figuraba anteriormente na Lei 5/1994 nas competencias do Consello de Administración nin tampouco das atribuídas ao

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Presidente do Consello de Administración, e no que se indica expresamente que: "Resolver os procedementos de responsabilidade patrimonial aos que se refire o artigo 142 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento Administrativo Común."

A este respecto, cómpre subliñar que este subapartado axústase as previsións do citado artigo 142 da vixente Lei 30/1992, xa que establécese neste precepto que cando a súa norma de creación así o determine, a reclamación nos procedementos de responsabilidade patrimonial resolveranse polos órganos aos que corresponda das Entidades de Dereito Público a que se refire o artigo 2.2 da Lei 30/1992 (entre as que se atoparía o EPE Portos de Galicia). Neste mesmo sentido, cómpre subliñar que este subapartado axústase tamén ás previsións do artigo 92 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que entrará en vigor na data do 2 de outubro de 2016.

Sen embargo, recomendamos que se suprima do texto do anteproxecto a cita da Lei 30/1992 e se redacte este artigo do xeito seguinte: "*Resolver os procedementos de responsabilidade patrimonial aos que se refire a lexislación básica vixente sobre procedemento administrativo común das Administracións Públicas.*"

Artigo 16. Actos administrativos da entidade pública empresarial. Recursos e reclamacións

É totalmente novo e presenta unha redacción pouco clara que deberá ser mellorada.

No apartado 1 deberá deberá substituírse a referencia "a normas interna de funcionamento", pola redacción "*actos administrativos*", xa que é a expresión correcta.

Recoméndase que logo de facer referencia ás distintas clases de actos administrativos, por congruencia co disposto no artigos 6, 15 (de carácter básico) da lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector publico (en vigor o 2 de outubro de 2016) e o o artigo 6 da a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno se introduza un apartado no que se indique que:

"*A resolucións, instrucións e ordes de servizo ditadas pola entidade pública empresarial Portos de Galicia publicaranse no boletín oficial da Comunidade autónoma cando teñan por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas ou cando a entidade estime que a*

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos, sendo, neste último caso, adicional á individualmente realizada, sen prexuízo da súa difusión de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno".

O apartado 4, ultimo inciso, deberá aclararse a redacción, xa que non se estende no relativo a expresión "órgano de goberno desta clase que ditou o acto".

Apartado 6, na nova lei 39/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico das administracións publicas, coa vontade de suprimir trámites que, lonxe de constituír unha vantaxe para os administrados, supoñían unha carga que dificultaba o exercicio dos seus dereitos, a Lei non contempla xa as reclamacións previas en vía civil e laboral, polo que esta apartado no artigo 16 deberá ser suprimido.

Artigo 17. ***Actos non suxeitos a dereito administrativo.***

É totalmente novo.

Sería aconsellase, por seguridade xurídica, que se delimitasen os actos non suxeitos a dereito administrativo.

Artigo 18. ***Representación e defensa en xuizo da entidade pública empresarial Portos de Galicia.***

O contido é congruente co proxecto de lei de ordenación da Asistencia Xurídica da Xunta de Galicia (en trámite parlamentario) e co vixente Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

Artigo 20. ***Réxime de Contratación***

Non se fai referencia algunha ás Instrucións internas de contratación, só se menciona a previsión de axuste á normativa vixente sobre contratación. Non obstante, no anteproxecto de lei de contratos do sector publico (en trámite de ser ditaminado polo Consello de Estado), en virtude do que se transpoñen á normativa interna de contratación as novas Directivas comunitarias de Contratación non se contemplan as instrucións internas de contratación dos poderes adxudicadores que non sexan administración publicas, como as entidades publicas empresariais,

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

rematando así o anteproxecto coa dualidade existente no actual TRLCSP e procedendo a homoxeneizar o réxime xurídico para a contratación do sector publico.

Artigo 21. ***Actividade Inspectora***

A redacción é confusa e debería gañar en claridade.

En relación con este artigo unicamente cómpre apuntar unha defectuosa redacción, na medida en que se reiteran as palabras "desenvolvemento" e "desenvolvan", polo que propoñemos outra redacción, que podería ser a seguinte: "*Portos de Galicia exercerá a inspección dos portos e do desenvolvemento das actividades comerciais, industriais e de prestación de servizos que se realicen neles ...*

Artigo 22. Facenda

O apartado 2 deste artigo recolle expresamente as previsións do artigo 92 da LOFAXFA.

No apartado 3 concrétanse os recursos económicos dos que vai dispoñer a entidade, e neste sentido trasládanse ao novo texto do anteproxecto algúns subapartados que xa figuraban na Lei 5/1994 (trátase dos subapartados c), e), f), g) e i)). Respecto dos apartados novos unicamente cómpre subliñar algúns aspecto de redacción.

Así, o subapartado d) parécenos que presenta unha redacción confusa, en tanto que parece aludir a infraccións ligadas ao uso do porto, e a infraccións relacionadas co exercicio de actividades que se desenvolvan no porto. En todo caso, como todas as multas derivadas destas infraccións entrarían nas previsións deste subapartado, non parece acertado introducir distincións no seu texto, polo que recomendamos unha redacción como a que segue: " *O importe das multas e indemnizacións impostas como consecuencia da aplicación do réxime sancionador previsto nesta lei.* "

En relación con este artigo débese ter en conta o comentario que se fai con posterioridade da Disposición Adicional Primeira sobre a posibilidade de que se constitúan sociedades mercantís públicas dependentes da EPE Portos de Galicia, polo que se recomenda introducir un novo subapartado respecto dos recursos económicos da EPE que podería quedar redactado do seguinte modo: *"os ingresos derivados da súa participación en sociedades públicas mercantís."*

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Artigo 24. Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control

En relación co apartado 5 deste artigo referido ao control de eficacia respecto das actuacións da entidade o seu contido deriva da aplicación do artigo 94.1 da LOFAXGA, e a este respecto entendemos que tamén debería recollerse neste mesmo apartado unha referencia ás especificidades marcadas no apartado 3 deste artigo 94 da LOFAXGA, e en consecuencia propoñemos a seguinte redacción: " *O control do cumprimento dos compromisos específicos que, de ser o caso, asumise a entidade pública empresarial nun convenio ou contrato-programa corresponderalle á comisión de seguimento regulada no propio convenio ou contrato-programa, sen prexuízo dos posibles controis previstos na lexislación orzamentaria.*".

Artigo 27 Réxime do persoal

En relación con esta materia cómpre destacar que se establece unha regulación moi diferente á recollida na Lei 5/1994, e que deriva da aplicación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

A este respecto, consideramos que debe terse en conta un erro de redacción no inciso final do apartado 3 (" *... da lexislación estatal e autonómica reguladora do emprego público que así o dispoñan.*", xa que entendemos que debería suprimirse a expresión "así o dispoñan", por resultar confusa. Neste sentido, recomendamos que este apartado quede redactado no seu inciso final nos seguintes termos: " *... da lexislación estatal e autonómica reguladoras do emprego público.*"

Por outra parte, e atendendo as previsións do artigo 58 da LOFAXGA consideramos tamén que no apartado 4 xunto á materia referida á aprobación e modificación tanto do cadro de persoal como da proposta de relación de postos de traballo, debe terse en conta tamén o aspecto referido aos instrumentos polos que se regulan as condicións de traballo do persoal e o réxime retributivo, ao que tamén se fai referencia dun xeito diferenciado na LOFAXGA. En consecuencia, propoñemos que este apartado 4 se redacte do modo seguinte: " *A aprobación e modificación tanto do cadro de persoal como da proposta de relación de postos de traballo, e*

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

aprobación dos instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal e o réxime retributivo será acordada polo Consello Reitor... "

En relación co apartado 5, cómpre significar que ao referirse ao ingreso do persoal na entidade, indícase que as probas selectivas deberán axustarse " ... *aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, e ao resto dos principios contidos.* ... " A este respecto, consideramos que debería substituirse a expresión de "e ao resto dos principios contidos" pola de "*e con carácter xeral ao disposto*". A nova redacción é moito máis clara e omnicomprensiva que a que figura no anteproxecto.

Artigo 29. Atribucións da Consellería competente en materia de portos

Unicamente nos referiremos a un aspecto de redacción, concretamente no subapartado h) menciónase: " ... na lexislación autonómica reguladora do sector público, na actualidade a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia." A este respecto, entendemos que como se fixo noutros artigos do anteproxecto debería citarse só a Lei 16/2010 sen que vaia precedida esta cita da mención "na actualidade". Outra alternativa sería non citar esta lei e entón debería indicarse "*a vixente lexislación autonómica reguladora do sector público.*" Parécenos máis congruente co que se fixo noutros artigos a opción primeira, pero en todo caso debe suprimirse a expresión de "na actualidade".

Quinta. Observacións ao título II " Planificación, ordenación,obras, medio ambiente e Seguridade" (artigos 32 a 48)

Neste apartado do informe convén facer unha observación xeral de legalidade á regulación contida no título II do anteproxecto.Só incidiremos naqueles artigos que, a xuízo desta asesoría xurídica, merecen ser modulados ou modificados.

En primeiro termo poñer de manifesto que esta asesoría xurídica asume as observacións que se fan ao anteproxecto de lei pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de 9 de xullo de 2014 por canto hai determinadas previsións do articulado que non se adaptan á Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG) e á Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia (LOT).

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

O anteproxecto segue o modelo de instrumentos de planificación portuaria previstos na lexislación básica estatal, polo que nos referiremos en primeiro lugar ás previsións do TRLPMM estatal. Logo referirémonos ás especialidades engadidas na lexislación autonómica.

Como sinalou a doutrina, o sistema de planificación do espazo portuario que establece a lexislación estatal para os portos de interese xeral aséntase sobre a intervención combinada de dous instrumentos de planificación distintos: por unha banda, a chamada "Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios", que responde á perspectiva e intereses propios da explotación portuaria, é dicir, ao obxectivo de ordenar especialmente o servizo de portos; e por outro, o "Plan Especial", que procede da lexislación urbanística e que responde ao obxectivo de integración dos intereses urbanísticos no espazo físico portuario.

No entanto, o TRLPMM prevé determinados efectos da Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios (DEUP) sobre o Plan especial, que se configura ademais como un plan urbanístico ou de ordenación do territorio, ao remitirse á lexislación urbanística e de ordenación do territorio, pero con determinadas especialidades que garanten a participación das Autoridades Portuarias e, en definitiva, do Consello de Ministros no sua tramitación e aprobación, e tamén sobre os plans xerais.

Así, no artigo 56.1 do TRLPMM establece a necesidade de que os plans xerais deban cualificar a zona de servizo dos portos (delimitada na DEUP) como sistema xeral portuario, e a previsión de que non poderán incluír determinacións que supoñan unha interferencia ou perturbación no exercicio das competencias de explotación portuaria e de señalización marítima.

No apartado segundo do mesmo artigo sinala que este sistema xeral portuario desenvolverase mediante un Plan especial, que se rexerá polo previsto na lexislación urbanística e de ordenación do territorio, e en cuxo procedemento hai que garantir a participación da Autoridade Portuaria, á que se atribúe tamén a súa formulación inicial. En caso de desacordo entre a Administración urbanística e a Autoridade Portuaria, este se dirimirá en último termino, mediante un informe vinculante final do Consello de Ministros. E establece tamén que a DEUP deberá formularse con carácter previo ao Plan especial e este deberá restrinxir o seu ámbito xeográfico á zona de servizo do porto delimitada na DEUP.

Así, o devandito artigo 56 do TRLPMM establece a obrigatoriedade de que os plans xerais e demais instrumentos de ordenación urbanística cualifiquen a zona de servizo dos portos

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

estatais,así como o dominio público portuario "afecto" ao servizo de señalización marítima, como sistema xeral portuario.

Doutra banda, e xa no que respecta aos seus efectos sobre a construción e modificación dos portos de interese xeral, no seu artigo 59.2 sinala que, a falta de plan especial, os proxectos de obras deben adaptarse á DEUP.

Ben, como xa sinalamos, o anteproxecto segue o modelo de instrumentos de planificación portuaria previstos na lexislación estatal tanto no que se refire á DEUP, como á regulación do Plan especial, e prevé tamén a posibilidade de aprobar Plans directores de Infraestruturas para un ou varios portos, con efectos sobre os proxectos de obras e que darán lugar, cando proceda á modificación da DEUP (tal como prevé tamén o TRLPEMM).

Artigo 32 Plans Directores de infraestruturas de Portos de Galicia.

Compre definir no primeiro apartado deste artigo os conceptos de Plans Directores de infraestruturas e de Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios (DEUP) conforme a regulación que se conten no artigo 56 do TRLPEMM.

Apartado segundo

Debese engadir a expresión de *"Directores"*.

Artigo 33.Determinacións dos plans directores de infraestruturas.

O apartado 5 Declaración ambiental estratéxica (DAE). Respecto á esixencia de DAE nos plans directores de infraestruturas de Portos, indicase que someteranse "de ser o caso" (non se inclúe como preceptivo) ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica; no obstante o artigo 15 do Texto Refundido da Lei do Solo de 2008 esixe respecto ao planeamentos de desenvolvemento urbanístico a súa esixencia podendo a súa omisión dar lugar á nulidade de pleno dereito do plan correspondente. Iso, sen prexuízo de que nunha fase posterior, os proxectos de urbanización dos portos deban someterse, no seu caso, ao procedemento de avaliación de impacto ambiental regulado na Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental (Anexo I grupo 6 de Infraestruturas) como de necesario.

Artigo 35. Procedemento de elaboración.

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Apartado 1 letra a)

Debería utilizarse o concepto unívoco de "*EPE Portos de Galicia*" en todo o anteproxecto e concretarse o ámbito competencial das consellerías ás que se vai a someter a informe a formulación do plans Directores de infraestruturas.

Sería aconsellable que neste precepto se incluíra un apartado para regular os supostos de conflitos de atribucións ao abeiro do artigo 13 da LOFAXGA, incluíndo o seguinte paragrafo: "*De constatarse un un conflito de atribucións entre diferentes consellerías afectadas no procedemento de elaboración dos plans Directores de infraestruturas serán resoltos por acordo asinado conxuntamente polas propias persoas titulares das consellerías afectadas. En caso de discrepancia, darase traslado ao Consello da Xunta de Galicia, que resolverá no prazo de dez días, sen que contra a súa decisión caiba recurso algún*".

Apartado 2

Debería definirse os supostos de cando a aprobación ou modificación dun plan director de infraestruturas poderá dar lugar a unha modificación da DEUP en consonancia co artigo seguinte.

Artigo 38 Plans especiais de ordenación de portos.

Apartado 6

A Redacción é confusa.Deberá ser redactado de conformidade co artigo 13 da LOFAXGA en caso de existir conflitos de atribucións de competencias.

Artigo 39. Relacións e medidas de coordinación ente a planificación portuaria e o planeamento territorio urbanístico

Este artigo da norma proxectada establécense efectos que non se prevén no modelo estatal.

Así, no artigo que analizamos establece efectos sobre o planeamento urbanístico non só da DEUP, senón, en xeral, dos instrumentos de planificación portuaria (que parece incluiría tamén aos Plans de Infraestruturas aínda que non queda claro da análise do anteproxecto) e, doutra banda, estende os seus efectos máis aló de que o Plan especial deba respectar a delimitación da zona de servizo realizada na DEUP como sistema xeral portuario, sinalando "*que os*

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

instrumentos de planificación portuaria prevalecerán sobre a ordenación urbanística en aspectos relativos á protección do dominio público portuario, localización de infraestruturas, accesos a sistemas de comunicacións, localización de emprazamentos e zonificacións de usos" (39.1).

Finalmente, **na Disposición Transitoria Quinta** establece normas subsidiarias aplicables en tanto non se proceda á aprobación dos plans especiais de ordenación portuaria.

Neste punto, debe recordarse que os artigos 22 e seguintes da Lei 10/1995, de 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia (e 13 do Decreto 80/2000) regula os plans e proxectos de incidencia supramunicipal e os artigos da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (artigos 68 e ss. e art. 86) regulan os plans especiais entre os instrumentos de planificación de desenvolvemento do planeamento xeral.

Os plans especiais de ordenación dos portos veñen constituír un instrumento adicional e específico en materia de portos, que non se adapta prima facie aos instrumentos de planificación de desenvolvemento da LOUGA así como da Lei 10/1995, de 23 de novembro. Así se sostén, tamén nas alegacións da Secretaria Xeral de Urbanismos e ordenación do Territorio de 9 de xullo de 2014.

Deste xeito, en opinión desta asesoría para que prime a lei especial sobre a xeral en caso de conflito hermenéutico, sería recomendable que na memoria xustificativa do anteproxecto se recolla unha explicación dos instrumentos de planificación portuaria e, en particular dos plans especiais de ordenación dos portos e se xustificase a necesidade deste instrumento especifico respecto dos previstos na lexislación de ordenación do territorio e na lexislación urbanística, así como a xustificación da súa configuración e dos importantes efectos que se atribúen a estes sobre a ordenación urbanística.

Así mesmo, recoméndase recoller na memoria unha referencia á situación actual da planificación portuaria, de acordo coa normativa vixente (e, en particular, da aplicación da normativa estatal supletoria), que contextualice adecuadamente **o réxime transitorio previsto nas Disposicións Transitorias terceira, cuarta e quinta do anteproxecto**, que, en opinión desta asesoría, non resultan claras na súa redacción.

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

Un exemplo de lexislación autonómica en que as competencias sobre portos regúlanse de forma especialmente predominante sobre as competencias urbanísticas e de ordenación do territorio constitúeo a lexislación balear sobre portos. Vexamos:

Na Lei 10/2005 de 21 de xuño, de portos das Illes Balears regulase un "Plan de uso e xestión do porto", que integra tanto o contido que na lexislación estatal atribúe á DEUP como a do Plan especial, e cuxo aprobación atribúe ao conselleiro competente en materia de portos mediante Orde (art. 14.4), restrinxíndose a intervención da administración urbanística a unha previsión de "a intervención suficiente das administracións públicas con competencias afectadas".

Pero non só se fai residenciar no órgano competente en materia de portos a competencia para decidir sobre estes contidos, senón que, ademais, establécese a prevaleza da asignación de usos no delimitado sobre calquera instrumento urbanístico e de ordenación do litoral (art. 13.1) e a obrigación de que os instrumentos de planeamento xeral deban adaptarse aos plans de uso e xestión dos portos e ata que aqueles poidan prever o réxime de ordenación aplicable mentres non se produza a adaptación (art. 17.3).

E o artigo 13 establece tamén que "*nos procedementos de elaboración dos instrumentos de ordenación urbanística que afecten aos portos e ás instalacións portuarias reguladas nesta lei, as administracións competentes deberán solicitar en todo caso o informe de Portos das Illas Baleares*" E tal informe terá carácter vinculante no que se refire "á ordenación da zona de servizo dos portos".

Este modelo non foi obxecto de impugnación ante o TC, polo que debería o órgano que promove este anteproxecto reconsiderar unha regulación similar, que podería ser consensuada co titular da Consellería con competencias en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

Artigo 41 Construción de novos portos ou instalacións marítimas.

Apartado 2 último inciso, por seguridade xurídica deberían concretarse as competencias das Consellerías con competencias concorrentes en materia de portos.

Artigo 45. Prevención e loita contra a contaminación no dominio público portuario.

A regulación non engade novidade respecto ao TRLPMM, poren si hai que facer unha referencia á incidencia que ten na materia regulada no devandito artigo o réxime de

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

responsabilidade medioambiental da Lei 26/2007, de 23 de outubro.Dita norma é aplicable (conforme ao seu artigo 3) en supostos non comprendidos no artigo 45, e contén un réxime de reparación de danos tamén máis amplo (conforme aos seus artigos 19 a 21). Suxírese por iso incorporar un apartado, *indicando que o disposto no mesmo procederá sen prexuízo da aplicación cando cumpra da Lei 26/2007, de 23 de outubro en canto á incidencia que ten o réxime de responsabilidade medioambiental.*

Artigo 48 Plans de Emerxencia e Seguridade

Apartado 2

Tendo en conta as competencias que ostenta a persoa titular da consellería competente en materia de protección civil e xestión de urxencias e a Axencia galega de Emerxencias, ao abeiro da Lei 5/2007, de 7 de maio, de urxencias de Galicia (artigos 33 e seguintes) debería enunciarse a dita función da Administración portuaria de modo que quede clara a concorrencia de funcións nesta materia con outras Consellerías, e singularmente coa citada.

Sexta.Observacións Título III Do dominio público portuario (artigos 49 a 92)

Artigo 49 Réxime xurídico e determinación do dominio público portuario

Apartado 1

Recoméndase recoller en dous artigos diferenciados a determinación do dominio público portuario (que se corresponde coas referencias contidas nos seus apartados 1 e 3, e que quedarían neste artigo 49) e as referencias ao seu réxime xurídico (contidas no apartado 1 e 2), que pasaría a recollerse noutro artigo.

Asemade, recoméndase completar a referencia ao seu réxime xurídico coa referencia á normativa estatal básica sobre a materia por exemplo incluíndo a expresión "*normativa básica de contratación e demais normativa estatal que resulte aplicable*" (expresión que permitiría integrar as disposicións da LC básicas ou ditadas ao amparo da competencia exclusiva estatal e operaría como cláusula de pechadura respecto doutras normas básicas ou de aplicación xeral ditadas polo Estado, como poderían ser as contidas na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

Edificio administrativo de San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
A Coruña
Tfno.: 981 545 898 Fax: 981 545 896
asesoria.xuridica.xeral@xunta.es

De manterse a referencia final "*e as que figuren nas normas regulamentarias de desenvolvemento*", recoméndase o seu corrección, de modo que a oración garde a adecuada concordancia sintáctica, substituíndoa pola expresión "*e polas que figuren nas normas regulamentarias de desenvolvemento*".

Apartado 2

Ao referirse ao réxime xurídico aplicable ás ampliacións dos portos, recoméndase a súa inclusión como apartado 2 dun novo artigo, dedicado ao réxime xurídico, tal como sinalouse no comentario ao apartado 1.

Apartado 3

Letra a)

Recoméndase mellorar a redacción do precepto trasladando a expresión "*de competencia autonómica*" ao final da letra.

Letra b)

Non se comprende a referencia aos terreos e instalacións fixas "*adquiridos por calquera administración pública ou por particulares*", posto que para que poidan ser afectados ao dominio público portuario deben pertencer ao patrimonio da Comunidade Autónoma, polo que se recomenda substituír estas referencias pola expresión " *adquiridos por Portos de Galicia*" ou ben "*adquiridos pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou por Portos de Galicia*". Doutra banda, recoméndase mellorar a expresión "cando sexan debidamente afectados ao dominio público portuario" e substituíla pola expresión "*cando sexan debidamente afectados ao servizo dos portos*".

Letra d)

Recoméndase eliminar a expresión "*mentres esta manteña a súa vixencia*", dado que ata o momento en que se produza a reversión das obras e terreos incorporados polos titulares dunha concesión de dominio público portuario, estes non pasarán á propiedade da administración.

Letra f)